

**MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE MURAS (LUGO)**

En virtude das atribucións conferidas no artigo 21.1 e) da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local e tendo en conta as medidas extraordinarias acordadas polo Ministerio de Sanidade e a Xunta de Galicia, cunha duración inicial de quince días, dito o seguinte

## **BANDO**

Polo que fago saber, que durante o período comprendido entre o 13 de MARZO e ata o 27 de MARZO, ambos inclusive, adóptanse as seguintes medidas preventivas:

1.- Restringir o acceso do público a todos os edificios e instalacións municipais en xeral, ata novo aviso, agás nos casos xustificadas. Se alguén precisa acceder á algunha dependencia municipal, deberá comunicalo no teléfono do concello previamente. A atención realizarase preferentemente polos empregados municipais a través dos seguintes medios:

TELÉFONO:

982 500 001

CORREO ELECTRÓNICO:

[administración@muras.gal](mailto:administración@muras.gal)  
[secretaria@muras.gal](mailto:secretaria@muras.gal)

SEDE ELECTRÓNICA:

<http://muras.sedelectronica.gal>

2. A venda ambulante na localidade poderá realizarse unicamente para prover de produtos necesarios, alimenticios e hixiénicos, á veciñanza, e sempre cumprindo as condicións establecidas polas autoridades gobernativas e sanitarias.

3. Quedan suspendidas todas as actividades culturais e deportivas a celebrar nas distintas dependencias municipais.



4. Queda pechado o acceso ao público en xeral dos seguintes centros municipais:

CASA DO MÉDICO  
CENTRO SOCIAL  
ESCOLAS UNITARIAS NAS DISTINTAS PARROQUIAS

5. Suspéndense os prazos administrativos de presentación de solicitudes da bonificación nos recibos da luz, en principio, ata o 27 de marzo.

O resto de prazos administrativos, como o aberto a día de hoxe para solicitar participación en proba de selección de funcionario interino finalizará como estaba previsto o próximo día 30 de marzo de 2020.

6. Recoméndase que se sigan as instrucións ditadas polo Ministerio de Sanidade e a Consellería de Sanidade, e no caso de ter algún síntoma contactar co 061 ou 900 400 116.

Lémbrese a todos os veciños do Concello de Muras que todas estas medidas son de carácter preventivo, e insístease na importancia de manter en todo momento a calma, actuando coa debida medida nas nosas rutinas e hábitos.

Desde o Concello de Muras irase informando sobre todo canto poida interesar aos veciños con relación ás medidas adoptadas

O Alcalde de Muras

